



ALERTA VERMELLA

Durante a historia, o catolicismo, outras relixións e seitas estiveron predicando a fin do mundo mentres que os científicos predixeron un cambio climático cunhas consecuencias desastrosas debido ao quentamento global do planeta terra.

Un cambio climático provocado pola contaminación producida polos incendios forestais, centrais contaminantes; en resumo, a comodidade do home a cambio da fin do noso planeta.

Durante moitos anos, a Melide correspondeulle un clima atlántico caracterizado por abundantes chuvias ao longo do ano, os invernos son suaves e os veráns frescos. Poñédevos a pensar: ¿correspóndese este clima co da actualidade? Agora hai tormentas de verán e primavera e a calor e o frío alterouse ao longo do inverno.

Rapaces e rapazas, dou unha alerta vermella, o noso clima cambia, especies extinguiranse, e desaparecerán os sete paraísos do mundo (entre eles algún día a Alhambra).

Dentro de doce anos viviremos tornados en España.

O noso clima dará un cambio radical.

¿Estaremos preparados? ¿Como acabará?

¿Sobrevivirá a humanidade?...

Son moitas as preguntas que só o tempo poderá responder baseándose en feitos e non nos dará tempo para reaccionar.

ADRIANA ESTÉVEZ ROCA, B2B

